

ESTREA EN NUMAX: 30.12.2016 | V.O.S.E. | +7

FICHA TÉCNICA

Frantz (2016, 113')

Dirección: François Ozon

Guión: François Ozon, Philippe Piazzo

Elenco: Pierre Niney, Paula Beer, Cyrielle Clair, Johann von Bülow, Marie Gruber, Ernst Stötzner, Anton von Lucke

Montaxe: Laure Gardette

Dirección de arte: Susanne Abel

Vestuario: Pascaline Chavanne

Son: Martin Boissau

Música: Philippe Rombi

Fotografía: Pascal Marti

Produtora: Mandarin Films, X-Filme Creative Pool (Francia)

Distribuidora: Golem

Formato de proxección: DCP 2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Francés, alemán

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Una nueva amiga (2014)

Joven y bonita (2013)

En la casa (2012)

Potiche: Mujeres al poder (2010)

Mi refugio (2009)

8 mujeres (2001)

Amantes criminales (1999)

FESTIVALS

Venecia 2016 (mellor actriz —Paula Beer— e sección oficial), Londres 2016 (sección oficial)

SINOPSE

Unha pequena cidade alemá, pouco despois da I Guerra Mundial. Anna vai todos os días visitar a tumba do seu prometido, asasinado en Francia. Un día, Adrien, un misterioso mozo francés, deixa flores na tumba. A súa presenza suscitará reaccións nunha contorna marcada pola derrota de Alemaña.

«Maxistral Ozon. Unha traxedia dura e crúa lanzada sobre o bordo mesmo de todos os precipicios posíbeis»

Luis Martínez. EL MUNDO



FRANTZ

[François Ozon, 2016]

“Nunca nos preguntamos como se viviu na Alemaña a I Guerra Mundial”

Entrevista con François Ozon

Por Yves Allion e Sylvain Angiboust

Frantz é a adaptación da obra teatral *El hombre que yo maté, de Maurice Rostand (1925), que xa fora levada á pantalla por Ernst Lubitsch [Remordimiento, 1932]. Por que esta escolla?*

A peza conta a historia dun ex combatente que volve a Alemaña despois da guerra. Na obra e no filme de Lubitsch o espectador coñece desde o principio o segredo do francés e ve perfectamente como vai ser revelado. No meu filme o segredo é revelado de súpeto, o que provoca un cataclismo. A obra e o filme rematan ben, con Adrien tocando o violín. Entendemos entón que vai ocupar o lugar de Frantz. A min molestábame que a muller de Frantz aceptara tan rápido a realidade cando descobre o segredo de Adrien. Parecíame máis xusto deixarlle un tempo para dixerilo, que o loito fixera o seu traballo. Anna fai un longo traxecto para chegar á comprensión e ao perdón. Perdoa a Adrien porque cumpre o seu deber como soldado francés. Para min o filme de Lubitsch é irónico, é unha trampa para o personaxe masculino, a quen a muller propón remprazar ao seu home: «Casa comigo, eu non digo nada e deixámoslle aos pais que o crean». Se cadra Lubitsch non quería facelo así pero así é como a entendemos hoxe. O seu filme ten un final feliz pero fíxoo sen saber que habería unha Segunda Guerra Mundial. El cría na reconciliación. Eu tiña dúas posibilidades: conservar o final orixinal pero amosándoo como unha trampa, máis do que o fixeron Lubitsch ou Rostand, pero ao mesmo tempo tiña ganas de saber como continuaría a historia. A segunda parte, situada en Francia, non existía.

Tamén engade un último acto en Potiche.

A obra de teatro é un punto de partida. Empleo o que me gusta e engado a miña propia visión da historia. Tiven a necesidade de ir máis lonxe, de empuxar a historia, engadindo un epílogo ou un terceiro acto.

Ao contrario do que a peza teatral, o seu filme está contado desde o punto de vista alemán. Interesábame facer un filme do lado dos vencidos, dos alemáns. Vimos moitos filmes sobre a Primeira Guerra Mundial desde o lado francés, pero nunca nos preguntamos como se viviu na Alemaña, cando o Tratado de Versalles de 1918 foi o caldo de cultivo do nazismo. Eu son xermanófilo. Encántame a cultura alemá, fixen viaxes inesquecibles cando era mozo e apetecíame investigar ese período. A primeira cousa que descubrín é que a Primeira Guerra Mundial tivo lugar en Francia: o terreo alemán non se viu afectado polos combates, non houbo destrución. Pero a guerra provocou moitísima fame e miseria, tanto social como intelectual, e un aumento do nacionalismo. O bolxevismo e o nacionalismo naceron a un tempo. Na pequena cidade alemá onde transcorre o filme tratei sobre todo de amosar o desenvolvemento do nacionalismo. Tiñamos bautizado o café onde nos reuníamos como «o noso niño de futuros nazis». Este contexto alemán ignórase na Francia porque estamos centrados nos nosos mortos. Houbo dous millóns de mortos en Francia, tres millóns na Alemaña. Isto interesábame amosalo desde o outro lado: como Anna acaba en Francia obríganos a mirar Francia cos ollos dunha alemá. O filme está construído en espello, en ecos: Alemaña e Francia, o canto patriótico alemán *Die Wacht am Rhein* e *A Marsellesa*. A cultura conecta os dous países co cadro de Manet, a música e os poemas.

O filme amosa dalgún xeito o paso do Romanticismo alemán á ideoloxía nazi... Absolutamente. Era preciso atopar o contexto do filme. É diferente ao que fixo Michael Haneke en *La cinta Blanca*, que ocorre antes da Primeira Guerra Mundial, nunha sociedade protestante extremadamente austera. *Frantz* desenvólvese nunha sociedade algo máis aberta, tolerante e cultivada, burguesa.

Publicado en <http://www.avantscenecinema.com>
Tradución ao galego: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

La cinta blanca, Michael Haneke
Cameo [DVD]

Una nueva amiga, François Ozon
Cameo [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME